



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Museo do Pobo Galego

Número 37 /2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, A REAL ACADEMIA GALEGA E O MUSEO DO POBO GALEGO PARA ESTABELECEER UN MARCO DE COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN CONMEMORATIVA SOBRE A ÉPOCA E A HISTORIA DAS IRMANDADES DA FALA CON MOTIVO DO SEU CENTENARIO

A Coruña , a 10 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dona María Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia número 29081 do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega e

Don Justo Beramendi González, presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego

MANIFESTAN

1º.-Que as partes asinantes do presente convenio teñen capacidade para subscribir o presente convenio.

2º.-Que a Deputación da Coruña, de acordo coas competencias que lle son propias e ao amparo do disposto nos art. 109.1 d) e 118.d) da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, ten a vontade de participar na organización da exposición conmemorativa sobre a época histórica das Irmandades da Fala.

3º.-Que a Deputación Provincial da Coruña, actuando dentro das funcións que a normativa lle encomenda e, ao amparo do disposto no artigo 118 na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, inclúe como as súas competencias *“rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial os seguintes: ...d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte”*.

4º.- O 2016 é o ano do centenario das Irmandades da Fala. A primeira delas, a Irmandade dos Amigos da Fala, constituíuse nunha xuntanza o 18 de maio de 1916 na cidade da Coruña, no número 38 da rúa Real.

Tras a constitución desta primeira sociedade, o movemento espallouse rapidamente por toda Galicia. No transcurso da súa acción deron conferencias e promoveron a actividade editorial nas principais cidades galegas, que se concreta en iniciativas como Céltiga en Ferrol, Lar na Coruña ou Alborada en Pontevedra. Crearon a revista *A Nosa Terra*, que foi o medio de comunicación desde o que deron a coñecer os seus ideais.

Foron as Irmandades un movemento social de reivindicación da lingua e da identidade nacional galega que mostrou unha nova forma de concibir o país, en tanto colocou por vez primeira Galiza como centro de



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Museo do Pobo Galego

decisión e como suxeito do seu devir social, cultural e político.

Neste último campo, as Irmandades defenderon unha "autonomía integral" dentro dunha federación ibérica en igualdade de relacións con Portugal, o ingreso das nacionalidades da península na Liga das Nacións, a comarcalización e a constitución dun Parlamento e dun Goberno propios que exerzan o poder galego. Da súa primeira reunión conxunta, que tivo lugar en Lugo en 1918, sae un manifesto considerado o documento fundacional do nacionalismo galego.

Intelectuais e persoas como Antón e Ramón Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira, Xaime Quintanilla, María Miramontes, Otero Pedrayo ou Vicente Risco participaron deste movemento que foi a cerna do galeguismo e nacionalismo político galego, plasmado anos despois en organizacións propias do país como a ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma) ou o Partido Galeguista (1931).

5º.- Sendo as Irmandades da Fala unha peza fundamental na configuración do que hoxe somos como pobo e cultura, pensamos fundamental garantir o compromiso das institucións públicas coa súa celebración, difundindo na sociedade actual o coñecemento do seu legado histórico.

6º.-Por todo o exposto, é de interese común que as tres institucións actúen de forma coordinada para acadar o fin sinalado no parágrafo segundo, e, en consecuencia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración que rexerá a cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña, a Real Academia Galega e o Museo do Pobo Galego, de conformidade coas seguintes

CLÁSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é definir o marco da colaboración das tres entidades sinaladas nos parágrafos anteriores, para establecer as bases e as condicións que permitan a organización e montaxe da Exposición Conmemorativa do Centenario das Irmandades da Fala, nos concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Ourense e Lugo.

A exposición que se pretende realizar persegue dar a coñecer a historia das Irmandades da Fala e a súa repercusión na configuración do que hoxe somos como pobo e cultura.

A exposición usará como guía dez conceptos, dez temas.

Cada tema desenvolverase nun espazo, nun cubículo de pequeno tamaño no que se escoite ou se vexa:

- **Frases escollidas en escoita de diferentes persoeiros das Irmandades**, gravadas por actores e actrices de dobraxe: a "Fala" faise evidente pola reprodución oral que se fai presente de principio a fin da exposición. A selección de frases parte dos artigos publicados en *A Nosa Terra*, *Galicia* e outras publicacións.
- **Música en escoita**: pezas musicais da época, como unha aria da ópera *d'O Mariscal* gravada especialmente para esta mostra, ou outras con letra de Cabanillas, ou dos coros fundados polas Irmandades (Toxos, Cántigas, Cantigas, Ruada).



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Museo do Pobo Galego

- **Unha vitrina** con documentos e publicacións (reproducións) ou obxectos (insignias, plumas, máquina de escribir, bandeira de sobremesa (Leandro Carré)... con cadansúa cartela e textos explicativos.
- **Alguns marcos electrónicos** con imaxes dun filme da Galicia dos anos vinte ou fotografías encadeadas dos personaxes da época.
- **Cadriños con reproducións** de fotografías ou debuxos da época.
- **Impresión de imaxes escollidas** e títulos impresos sobre os taboleiros exteriores de cada cabina.
- **Á marxe** das dez cabinas temáticas mostrarase unha selección de pezas de arte ligadas aos temas e motivos das Irmandades, con representación de relevantes artistas da época.

SEGUNDA.- ORZAMENTO

O orzamento para realizar a mencionada exposición acada a cantidade total de 91.994 euros (IVE engadido) que se desagrega do seguinte modo:

- DIRECCION TÉCNICA, COORDINACIÓN E DESEÑO	14.520 euros
- CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE DOCUMENTALISMO	
GRAVACIÓN DE SON CON LOCUTORES E REALIZACIÓN DUN AUDIOVISUAL	19.965 euros
- TRANSPORTE E FABRICACIÓN DE CAIXAS DE EMBALAXE PARA OBRAS DE ARTE	20.812 euros
- MONTAXE NA CORUÑA	21.659 euros
- MONTAXE EN SANTIAGO	6.019 euros
- MONTAXE EN FERROL	6.019 euros
- SEGURO	3.000 euros
TOTAL	91.994 euros

TERCEIRA.- DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A inauguración será na Coruña en maio de 2016. A partir de aí desenvolverá un itinerario en dúas fases: en 2016 polo resto de cidades galegas (Compostela, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Ourense e Lugo) en formato completo, e en 2017 polas principais vilas da provincia da Coruña en formato reducido/adaptado.

O custo do transporte e montaxe da exposicións nas cidades de Compostela e Ferrol correrá a cargo da Deputación da Coruña. No resto das cidades terá que asumir o seu custo a administración que solicite a exposición.

O desenvolvemento da segunda fase queda condicionada a que no orzamento xeral do 2017 da Deputación da Coruña se consigne o crédito adecuado e suficiente para o desenvolvemento desta.

CUARTA.- PUBLICACIÓNS RELATIVAS Á EXPOSICIÓN

A Imprenta provincial editará unha publicación para a divulgación masiva da Exposición.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



REAL
ACADEMIA
GALEGA

 Museo do Pobo Galego

Todo o material de difusión publicitaria que sexa confeccionado será editado na Imprenta provincial, e, tanto o libro catálogo como os folletos e carteis que se impriman, levarán incorporados os logotipos das tres entidades asinantes do presente convenio.

QUINTA.-OBRIGAS DAS PARTES

As partes comprométense a arbitrar as medidas precisas para levar a cabo as actuacións concretas, encamiñadas a conseguir os fins establecidos no obxecto deste convenio e, para iso, achegarán os medios materiais e os recursos humanos que sexan necesarios.

COMPROMISO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA:

As actuacións que se deriven do presente convenio, e que figuran incluídas no orzamento desagregado na cláusula segunda serán financiadas integramente pola Deputación da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3344/226.99

A Deputación Provincial da Coruña encargárase da tramitación das seguintes contratacións; de acordo co establecido na cláusula segunda:

- Creación, deseño e coordinación xeral técnica da exposición
- Desenvolvemento construtivo, realización da moblaxe expositiva e montaxe da exposición na Coruña.
- Contratación dun servizo de documentalismo, gravación de son con locutores e realización dun audiovisual
- Transporte e fabricación de caixas de embalaxe para obras de arte a recoller nas distintas localizacións da xeografía galega para o seu depósito no recinto expositivo na cidade da Coruña e retorno posterior ós prestadores.
- Transporte e montaxe da exposición nas cidades de Santiago e Ferrol

COMPROMISO DA REAL ACADEMIA GALEGA

- Colaboración no comisariado e na organización da exposición, participando na elaboración do seu discurso expositivo.
- Colaboración nas tarefas de documentación, coa participación do equipo técnico da RAG nas áreas de Arquivo, Biblioteca e Hemeroteca.
- Colaboración na redacción de textos para as cartelas que acompañarán as pezas expostas, ou calquera outro texto que for preciso.
- Colaboración en tarefas vinculadas á comunicación e difusión social da exposición.
- Revisión e corrección de todos os textos relacionados coa exposición.
- Cesión de fondos documentais, obxectos históricos e pezas artísticas da súa propiedade.
- Xestión de préstamo de pezas

COMPROMISO DO MUSEO DO POBO GALEGO

- Presenza na Comisión de Organización da exposición.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



REAL
ACADEMIA
GALEGA

 Museo do Pobo Galego

- Asesoramento histórico a través de especialistas membros do Padroado.
- Coordinación da colaboración das fundacións Losada Diéguez, Vicente Risco, Penzol, Isla Couto, Alexandre Bóveda, Otero Pedrayo, Antonio Fraguas e outras.
- Achegas documentais e bibliográfica a partir dos seus fondos arquivísticos e bibliográficos e nomeadamente dos Fondos Antonio Fraguas, Manuel Beiras, Alexandre Bóveda, Blanco Cicerón, Justo Beramendi, así como de depósitos singulares como a acta manuscrita da I Asemblea Nacionalista (Lugo, 1918), propiedade da Fundación Galiza Sempre, ou a da IV Asemblea Nacionalista (Monforte, 1922).
- Achegas de gravados, carteis e algunha escultura, como o busto de Mireia Dieste, obra de Eiroa.

SEXTA.-COMISIÓNS

COMISIÓN DE ORGANIZACION

Coa intención de asegurar o correcto desenvolvemento do presente convenio, crearase unha comisión de Organización na que haberá representantes das entidades que serán designados polos seus órganos competentes.

As funcións da comisión serán, no seu caso, as de coordinación e control do grao de realización do contido do convenio, polo que as partes asinantes comprométense a resolver calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

CONSELLO DE ENTIDADES COLABORADORAS na que haberá representantes das entidades, que serán designados polos seus órganos competentes e ao que invitará a formar parte:

Real Academia Galega de Belas Artes
Fundación Penzol
Fundación Otero Pedrayo
Fundación Losada Diéguez
Fundación Vicente Risco
Fundación Castelao
Fundación Alexandre Bóveda
Fundación Illa Couto
Fundación Antonio Fraguas
Fundación Galiza Sempre
Fundación Bautista Álvarez
Fundación Rosalía de Castro
Fundación Manuel María
Fundación Moncho Reboiras
Federación de Entidades Culturais Galiza Cultura

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS.

Toda alteración das condicións tidas en conta no presente convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de autorizacións por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



REAL
ACADEMIA
GALEGA

 Museo do Pobo Galego

OITAVA.- RELACIÓNS LABORAIS

A sinatura do presente convenio non implica relación laboral ou contractual ningunha, nin de ningún outro tipo, entre as entidades asinantes do presente convenio e os profesionais ou traballadores que desenvolvan as actividades incluídas nas actividades previstas. De acordo co anterior non poderá ser esixida responsabilidade ningunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos feitos ou actos que se produzan durante a execución dos traballos que son o obxecto do presente convenio.

NOVENA.-RESOLUCIÓN

O incumprimento total ou parcial das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á súa resolución.

DÉCIMA.- VIXENCIA

O presente convenio permanecerá en vigor ata o 31 de decembro de 2017 e, en todo caso, ata o cumprimento do seu obxectivo e das obrigas de cada unha das partes e condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

UNDÉCIMA.-LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A colaboración formulada por medio do presente convenio de colaboración fundaméntase no disposto no art.3.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no sinalado no art. 55.d da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A solución dos conflitos que puidesen xurdir, con motivo do presente convenio, corresponderalle á xurisdición contencioso-administrativa.

O PRESIDENTE, P.D.
A DEPUTADA DE CULTURA E
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA,

Mª Goretti Sanmartín Rei

O PRESIDENTE DA REAL
ACADEMIA GALEGA,

Xesús Alonso Montero

O PRESIDENTE DO PADROADO DO
MUSEO DO POBO GALEGO,

Justo Beramendi González